

O TEXTO ARGUMENTATIVO

Que vén sendo?

O texto argumentativo é aquel que desenvolve unha idea ou tese acerca da cal x autorx dá a súa **opinión (favorable ou contraria)**. Trátase, basicamente, de tentar **convencer** ao noso lectorado sobre a validez desas ideas ou, no mínimo, fornecer argumentos sólidos que lle permitan cuestionar a súa posición inicial sobre o tema.

A función lingüística predominante é a **función apelativa**, posto que o discurso está encamiñado para producir na persoa receptora unha determinada reacción (#apelación). A esta función debemos engadir a representativa, pois usamos definicións e descrições, de maneira que a opinión subxectiva se vexa reforzada por razóns obxectivas.

- Textos argumentativos son os ensaios científicos, filosóficos, os discursos políticos, os artigos de opinión xornalísticos, as intervencións en debates e mesas redondas e, en xeral, tamén as discusións espontáneas do noso día a día.
- Argumentar non é simplemente contradicir, nin berrar nin descualificar ao adversario. Argumentar é opoñer mellores razóns que apoién as nosas opinións fronte ás das persoas adversarias e tamén artellar unha estratexia intelixente na súa exposición. Sempre é mellor considerar que, por moito que non esteamos de acordo, as demais tamén terán as súas boas razóns e, por suposto, o respecto por elas e as súas opinións debe quedar claro, tanto nos nosos argumentos como na súa posta en escena no texto oral ou no escrito.

Que estrutura debo seguir para redactar un? Tres partes.

1. **Tese:** x autorx **introduce brevemente o tema** do que vai falar -dun xeito xeral- e **formula a súa tese** (PUNTO DE VISTA OU IDEA CENTRAL), facéndoo de xeito claro e inequívoco. (*Extensión ABAU: un único parágrafo de 4-8 liñas*).
2. **Argumentación:** aquí desenvolvemos os argumentos para explicar o porqué da nosa idea central. Poden expoñerse como réplica/resposta a argumentos contrarios que aparecen no texto/pregunta de referencia, ou como argumentos novos que achegamos desde o noso coñecemento do tema e/ou pensamento lóxico... Algúns tipos de argumentos son os **exemplos** (mellor xerais ca persoais), os **datos** (na medida do posible, diremos de onde os sacamos), as **definicións** e **descripcións** lóxicas, as **opinións de autoridade** (que di do tema quen sabe?), as **contraargumentacións** (collemos unha idea contraria para rebatela), as **comparacións**, ou o **interese social** (que opina a maioría da xente? que argumentos defenden os dereitos fundamentais das persoas?). (*Extensión ABAU: entre 2 e 4 parágrafos, non moi longos, tentando agrupar os argumentos semellantes no mesmo cacho*).
3. **Conclusión:** realízase unha síntese/resumo dos argumentos expostos, repetindo se queremos o máis contundente, para reafirmar a nosa posición inicial. (*Extensión ABAU: un parágrafo de menos de 5 liñas*).

Outras cuestións de estilo imprescindíbeis!

- ✓ Utilizamos a **1ª PERSOA, sexa singular ou plural**, en sintonía coa expresión das ideas propias.
- ✓ Empregamos verbos e substantivos de opinión variados, así como **conectores** que fagan fluído o texto (dan continuidade e cohesión): *penso que, acho que, coido que, na miña opinión, semella que, é dicir, ou sexa, para rematarmos, en síntese, porén, malia todo, aliás, ademais, porén, non obstante, por unha banda, pola outra banda, cómpre comezarmos falando de, en definitiva...*
- ✓ Contundencia adxectiva na nosa opinión (sen caer na brusquidade). Non teñas medo de expresar a túa opinión!
- ✓ Coidamos a corrección lingüística: non repetimos palabras máis do necesario (para isto, tiramos de sinónimos), e empregamos o léxico máis preciso que coñezamos sobre o tema.
- ✓ Canta máis **orixinalidade** teñamos á hora de redactar o texto, mellor
- ✓ E, obviamente, non podemos caer en contradicións de discurso. Imos **coa nosa tese, a tope**.